

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 19 de febreiro de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión **ordinaria**, para o **día 19 de febreiro de 2025**, ás 17.10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/9L/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xaneiro de 2025.

2. 2024/15655S PRESIDENCIA

Aprobación inicial da modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 (Plan CooperOU 2025).

3. 2024/15655S PRESIDENCIA

Aprobación inicial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 (Plan CooperOU 2025).

4. 2024/8396R PRESIDENCIA

Dación de conta da expropiación forzosa para execución das obras de “senda turística-termal entre as localidades de Albarellos-Vilaza e Balneario de Requeixo”.

5. 2024/9181G PRESIDENCIA

Dación de conta da expropiación forzosa para a execución das obras de “acondicionamento e mellora integral na OU-0210 Leirado – Pontedeva PQ 7+044 – 7+324”, no termo municipal de Pontedeva.

6. 2025/2008W PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a adopción dun plan de desenvolvemento do sector mineiro na provincia de Ourense.

7. MOCIÓN DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.